

Por resolución da xerencia do 16 de xuño de 2025 (DOG do 25 de xuño) convocouse concurso de méritos específico para a provisión de postos de traballo vacantes no cadro de persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela na área de Arquivos e Bibliotecas, correspondentes aos subgrupos A1, A2 e C1.

O día 26 de setembro de 2025 publicouse no taboleiro electrónico da USC a lista provisional de admitidos, non habendo persoas excluídas. Rematado o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional sen que se tivese presentado ningunha, o xerente, no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen por resolución reitoral do 21 de abril de 2022 (DOG do 26 de abril), resolve:

Elevar a definitiva a lista provisional.

Contra esta resolución poderase interpor un recurso de reposición perante o xerente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O xerente
Antonio Javier Ferreira Fernández
(Sinatura dixital)

Taboleiro electrónico

Sitio Web: https://www.usc.es/gl/servizos/plan_pas/provision/funcionarios.html

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ,
XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/11/2025 12:03:40.

CSV: 2DBC-5E8A-4FB8-B411